



Concello de Sarria

CRITERIOS PARA A CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DE 10 PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL, PERCEPTORAS DA RISGA A TEMPO PARCIAL (6 HORAS) PARA O SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE.

Por este Concello efectuarase Oferta Xenérica de Emprego a Consellería de Economía, Emprego e Industria para que por dito Organismo sé faga a preselección dos candidatos, efectuándose a selección definitiva, de acordo cos seguintes criterios:

- **BAREMO DE MÉRITOS.-**

1.- Por cargas familiares, entendéndose por estas, ter a cargo o/a conxuxe, fillos/as menores de 26 anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento. **1,5 PUNTOS.**

2- Por ter asignado un proxecto de inserción de carácter laboral, **1 PUNTO.**

3- Por cursos relacionados co posto a desempeñar, impartidos por Organismos Oficiais, Universidades, Oficinas de Emprego, Formación Ocupacional ou Continua, 0,10 puntos por curso ata un máximo de **0,5 PUNTOS**

- **PROBA PRÁCTICA.-**

Será a proposta do Tribunal e versará sobre os cometidos propios da praza obxecto desta convocatoria e terá unha puntuación máxima de **5 PUNTOS.**

Os casos de empate resolveranse a favor do concursante que obteña maior puntuación, segundo a orde dos apartados do baremo de méritos, de persistir o empate resolverase a favor do de maior idade.

A documentación xustificativa dos méritos deberase presentar no momento de presentación para a realización da proba práctica.

A valoración dos méritos e da proba práctica para a selección realizarase por un Grupo Mixto, constituído por un representante da Consellería de Economía, Emprego e Industria, un representante do equipo de inclusión sociolaboral dependente do Consorcio galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Sarria.

Os candidatos preseleccionados pola Oficina de Emprego e motivado polas circunstancias especiais motivadas polo Covid-19, serán chamados polo Concello, indicando data e hora de presentación..

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Cod. Validación: 652ML7G9DPKFYETJZSX3THNK | Corrección: https://sarria.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1